



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Convocatoria selección persoal. 2 peóns/peoas (Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026)*

##### ANUNCIO

Bases e convocatoria do procedemento de selección persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento: Rural Activo 2026)

Por medio de Decreto do concelleiro delegado da área de persoal e réxime interior número 351/2026 de 29 de maio, resolveuse a aprobación das bases e a convocatoria para a contratación de dous traballadores/as, persoal laboral temporal, para a realización de traballos de de mantemento e valorización forestal (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026)

O decreto de convocatoria di:

**PRIMEIRO.-** Presentar a correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ferrol-Esteiro no modelo normalizado para o efecto, de acordo coa base 14ª da convocatoria de axudas, sen que conteña ningún requirimento especial que non sexa a categoría profesional

**SEGUNDO.-** Publicar un anuncio no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica municipal informando da presentación da oferta de emprego e das súas características, sendo as seguintes:

- Denominación do posto: Peón/peoa
- Número de prazas: Dúas (2)
- Duración do contrato: NOVE (9) MESES a tempo completo
- Tipo de contrato: Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405)

**TERCEIRO.-** Aprobar as bases que haberán de rexer a valoración e selección definitiva unha vez recibidos os candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego:

**BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS/PEOAS DURANTE O PERÍODO DE 9 MESES A XORNADA COMPLETA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE MANTEMENTO E VALORIZACIÓN FORESTAL. (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026).**

##### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a contratación de dous peóns/peoas, contratación laboral temporal por un período de 9 meses, segunda Orde do 22 de xaneiro de 2026, (DOG. nº 24 do 05.02.2026), da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026.

As funcións a realizar por este traballador/a serán tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa, etc.

##### SEGUNDA.- MODALIDADE DA CONTRATACIÓN

A contratación será baixo a modalidade de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego (Código do contrato 405), mediante o sistema de selección de concurso-oposición, conforme a Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (DOG. nº 24 do 05.02.2026).

A duración do contrato será de máximo 9 MESES dende a data da súa sinatura. A xornada de traballo será a tempo completo (37,5 horas semanais).

##### TERCEIRA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

En canto á regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ó disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, Real Decreto-lei 32/2021, de

28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por R.D.-Lei. 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

#### **CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo ó que se opte.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial no que se faga constar que a persoa aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, caso de ser seleccionado.

- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o desempeño de empregos ou cargos públicos.
- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou título equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, Celga 1. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril)
- Estar inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- Conforme o previsto nas Bases do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo para o ano 2026 terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas o seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:
  - Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
  - Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
  - Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
  - Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.

- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Persoas trans.
- Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

#### QUINTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Concello de Pontedeume presentará a correspondente solicitude de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia, no modelo normalizado para o efecto e cumprindo os principios cerais que establece o artigo 14 das bases da convocatoria das axudas.

Recibidos os currículos dos aspirantes enviados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, polo concello realizarase o chamamento aos candidatos que consten no formulario enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante o teléfono ou correo electrónico, que consten no currículum remitido pola Oficina de Emprego, informándolles da súa pre-selección e da apertura dun prazo de SETE DÍAS NATURAIS, contados dende o seguinte hábil a aquel no que se produza o chamamento, para a presentación de instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo.

Este chamamento terá que constar no expediente, mediante dilixencia ou, no seu caso, coa confirmación do correo electrónico remitido. Aqueles demandantes que non acepten participar no proceso deberán comunicar o seu rexeitamento, que quedará reflectido documentalmentemente, no expediente, ou na dilixencia de chamamento.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, no modelo oficial ou normalizado que figura como anexo I destas bases, dirixidas á Alcaldía da Corporación, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica (<https://sede.pontedeume.gal>) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude e comunicarse simultaneamente ao Concello por correo electrónico á dirección [correo@pontedeume.gal](mailto:correo@pontedeume.gal) ou ao fax 981433368. Esta comunicación será igualmente obrigatoria se se presentara nas oficinas doutras Administracións Públicas. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Non se admitirán as solicitudes que non se formulen no modelo oficial que figura como Anexo I nin as que se reciban no Concello unha vez aprobada a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as definitiva, se for o caso, con independencia do procedemento utilizado para envialas.

Para ser admitido para tomar parte no proceso de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base Cuarta desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- DNI ou Tarxeta de Residente
- Certificado de escolaridade ou título equivalente
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada que acredite a situación de desemprego no momento de inicio do proceso selectivo
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nesta convocatoria (Anexo I) debidamente asinada
- Relación dos méritos que aleguen os/as aspirantes, pola orde que se establece nesta convocatoria. Cando a dita relación, achegaranse os documentos xustificativos destes. Non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles méritos que non queden debidamente acreditados na forma que se establece nesta convocatoria.
- No seu caso, certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014, para os efectos da exención prevista no exercicio correspondente.

Presumirase que a documentación achegada polos solicitantes é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

## SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, ditarase mediante Resolución a listaxe provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, concedéndoselles un prazo de dous (2) días hábiles para subsanar os erros ou defectos que houbera.

Posteriormente, elaborárase a listaxe definitiva dos candidatos admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución determinará, así mesmo, o día e hora estimada para o inicio do proceso selectivo, e determinará, tamén, a composición do órgano de selección.

No caso de que se produza a admisión de todos os candidatos presentados, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listas provisionais.

## SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Presidente/a: o persoal funcionario da Corporación que se nomee do mesmo ou superior grupo de titulación.
- Secretaria/o: o persoal funcionario da Corporación que se nomee do mesmo ou superior grupo de titulación
- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre funcionarios da Corporación do mesmo ou superior grupo de titulación.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo sempre necesaria a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso selectivo en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa citada.

A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á realización do proceso de selección, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Pontedeume.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do dito Real Decreto.

Asesores especialistas. Cando o procedemento selectivo, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellen, o Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal municipal, doutras Administracións Públicas ou do sector privado que colaborará, exclusivamente, no exercicio das súas especialidades técnicas no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do citado Tribunal.

## OITAVA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición cun máximo de 20 puntos.

### · FASE DE OPOSICIÓN (máximo 17 puntos)

A oposición constará de tres exercicios de carácter obrigatorio:

**Primeiro exercicio:** Consistirá na realización dunha proba escrita, 10 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas, sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo, tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa, etc.

Esta proba valorarase entre 0 e 10 puntos, sendo necesario para superar a proba acadar a puntuación mínima de 5 puntos.

**Segundo exercicio:** Consistirá nunha proba practica sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo, tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa, etc...

Esta proba valorarase entre 0 e 7 puntos, sendo necesario para superar a proba acadar a puntuación que determine previamente o tribunal.

**Terceiro exercicio:** Proba de coñecemento da lingua galega: As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar unha proba escrita cunha duración máxima de 15 minutos, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio que se cualificará como APTO ou NON APTO. A cualificación como non apto supón a exclusión por parte do candidato do proceso de selección.

Os aspirantes que non obteñan a puntuación mínima na fase de oposición e apto na proba de galego, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto, NON serán valorados na fase de concurso.

· **FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS (máximo 3 puntos)**

A fase de concurso non ten carácter eliminatorio, nesta fase valoraranse os méritos que a continuación se detallan:

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas administracións públicas, relativos ao posto ofertado da maneira que segue:

- De 20 a 59 horas: 0,10 puntos por curso ou programa
- De 60 a 99 horas: 0,20 puntos por curso ou programa
- De 100 a 149 horas: 0,50 puntos por curso ou programa
- De 150 ou máis: 1 punto por curso ou programas

Non se valorará ningún curso ou programa que non sexa organizado ou financiado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías), Administración do Estado (Ministerios), concellos, deputacións, Universidades Públicas e o Servizo Público de Emprego de Galicia, ou que estean homologados polo mesmos organismos.

Non se valorará ningún curso de menos de 20 horas ou cando non indique o número de horas.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis integrantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

De persistir o empate, dirimirase do seguinte xeito:

- a) Orde alfabético A-Z
- b) Sorteio público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente

**NOVENA.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO E RESOLUCIÓN**

Rematado o proceso o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello de Pontedeume e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a relación dos candidatos por orden da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada no proceso selectivo, dos que serán propostos para a súa contratación, os dous candidatos que acaden as maiores puntuacións.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ó Sr. Alcalde para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal laboral temporal.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes aos dos postos convocados. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

**DÉCIMA.- FUNCIONAMENTO DA LISTAXE**

Os candidatos que superasen todos os exercicios e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa realizar algunha substitución, acudirá a dita bolsa seleccionando o primeiro deles.

As comunicacións realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realizalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma por Decreto de Alcaldía. A renuncia voluntaria sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados.

Considéranse causas xustificadas para renunciar a ocupar o posto de traballo e por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no parágrafo anterior, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico)
- Estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo)
- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio da representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.

- Falecemento de familiar ata o seguinte grado de consanguinidade ou afinidade.

O/a candidato/a terá un prazo de 3 días hábiles para achegar a devandita documentación dende o chamamento realizado.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez rematado o período de contratación (9 meses).

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS**

As persoas propostas presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume, no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pontedeume, os seguintes documentos:

- a) Informe médico actualizado polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da publicación da lista de aprobados na que se propón o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.
- b) Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- d) Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- e) Copia autenticada ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, da tarxeta de demandante de emprego que acredite a situación de desemprego no momento da contratación.

A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, á nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e á imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo elo como consecuencia da citada anulación.

#### **DÉCIMA SEGUNDA.- CONTRATACIÓN**

Presentada a documentación polas persoas aspirantes seleccionadas, o Sr. Alcalde ditará Decreto de contratación e procederase a formalización do correspondente contrato laboral.

Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalización do contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

#### **DÉCIMA TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO**

Agás a convocatoria do proceso selectivo que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso de selección así como as comunicacións a que dese lugar, publicaranse no taboleiro de edictos deste concello e na sede electrónica municipal ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)).

#### **DÉCIMA CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello da Pontedeume coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión ás probas selectivas. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello da Pontedeume ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **DÉCIMA QUINTA.- NORMA FINAL**

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Anexo I****MODELO DE SOLICITUDE DE PROCESO SELECTIVO**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, enderezo electrónico \_\_\_\_\_,

**EXPOÑO:**

**Primeiro.-** Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo concello de Pontedeume para “CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS/PEOAS DURANTE O PERÍODO DE 9 MESES A XORNADA COMPLETA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE MANTENIMENTO E VALORIZACIÓN FORESTAL. (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026)”, coñezo e acepto as bases que rexen a dita convocatoria

**Segundo.-** Que desexo formar parte da dita convocatoria, para o que achego a documentación que se relaciona na base Quinta das bases da convocatoria.

**Terceiro.-** De conformidade co previsto nas bases da convocatoria, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos para participar na presente convocatoria
- B) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas e non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- C) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado, nin atoparse el algunha situación de incompatibilidade para o desempeño do posto. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- D) Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente para o posto.

Pontedeume, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

Pontedeume, 29 de maio de 2026

O concelleiro delegado da Área de Persoal e Réxime Interior

(P.D. Resolución Alcaldía núm. 343/2023, de 21 de xuño)

D. José Simoes Couceiro

2026/3610